



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Día: Luns, 30 de xuño de 2025

Hora: 12:00 horas

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Lousame

Asistentes:

- *M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame.*
- *Paula Ares Otero, Secretaria do Concello de Lousame, co obxecto de dar fe e levantar a Acta da reunión.*

A Alcaldesa toma a palabra para indicar que tras contactar telefonicamente cos sindicatos de CIG, UGT e CSIF, manifestaron a imposibilidade de acudir á convocatoria efectuada. Tampouco se presenta ningunha outra persoa, en representación do outro sindicato convidado, CCOO.

O obxecto da Mesa Xeral de Negociación era tratar dos seguintes asuntos:

Primeiro punto: A modificación núm. 2 da RPT do Concello de Lousame.

Polo equipo de Goberno deste Concello procedeuse a elaborar o **proxecto de modificación núm. 2 da relación de postos de traballo**, aprobada de xeito definitivo no ano 2022 (sesión plenaria do 27/05/2022) e que comezou a súa aplicación o día 01/07/2022.

A modificación número 2 que se propón ten os seguintes obxectivos:

- 1) Posto con código 5114 (Técnico/a de Deportes). Actualmente este posto de traballo ten unha dispoñibilidade “ocasional”. Preténdese a súa modificación, pasando a ter unha dispoñibilidade “parcial”, para adaptala ao traballo desenvolvido.
- 2) Postos con código 4108 (Auxiliar PAI). Preténdese modificar a denominación do posto de traballo, pasando a denominarse “Técnico/a PAI” e mantendo o resto das características (funcións, grupo de clasificación e complementos salariais). Esta denominación é máis acorde coa titulación mínima esixida para o desempeño do posto (grupo laboral X, equivalente ao B dos funcionarios).
- 3) Postos con código 4208 (Xerocultor/a). Aclárase unha das funcións do posto de traballo (condución do vehículo do Centro de Día)
- 4) Posto con código 5112 (Técnico/a Museo San Finx). Modifícanse as funcións, para adaptalas ao traballo desenvolvido (Uso de dispositivos de cobro (TPV) para pagos de entradas ao Museo)

Segundo punto: A modificación da OEP ordinaria do ano 2023.

O día 12/12/2023 tivo lugar a Mesa Xeral de Negociación en relación á OEP ordinaria do ano 2023. Tras a negociación, a OEP ordinaria do ano 2023 foi aprobada pola Xunta de Goberno Local do día 18/12/2023, sendo publicada no BOP núm. 243 do 22/12/2023.

Nesta OEP incluíase a seguinte praza para ser cuberta polo sistema de concurso-oposición: Auxiliar Administrativo funcionario, Grupo C2, Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Quenda libre:

Auxiliar Administrativo Funcionario	1	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Libre	Concurso-oposición
--	---	----	----------------------	----------	-------	--------------------

Sen embargo, o sistema de acceso debe ser mudado ao de oposición, en aplicación da xurisprudenza do Tribunal Supremo (STS 1026/2023, do 18/07/2023) que entende vixente o artigo 2 do Real Decreto 896/1991, como norma especial aplicable, aos funcionarios de carreira da Administración Local, polo que o sistema de oposición é o xeral aplicable.

A convocatoria para a Mesa Xeral de Negociación, foi rexistrada de saída o día 24/06/2025 con rexistro de saída 202500000000240 e remitida, de xeito semellante a outras ocasións, ao enderezo electrónico facilitado polas organizacións sindicais; mediante un correo remitido pola Secretaría-Intervención o propio día 24/06/2025, ás 13:42 horas.

Non habendo asistencia en representación da parte traballadora, procédese a levantar a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 12:15 horas, no lugar e data arriba indicados.

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero, Secretaria do Concello.